

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE DECEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se extingue a entidade de dereito público Compañía Radio-Televisión de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes aos títulos de técnico deportivo nas disciplinas hípcas de Salto, Doma e Concurso Completo, e técnico deportivo nas disciplinas hípcas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se aproba o Proxecto do plan de xestión de riscos de inundación 2015-2021.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Cordal-Ousá situado nos concellos de Friol, Outeiro de Rei e Begonte (Lugo) e promovido pola sociedade Eólica de Cordales, S.L.U. (LU-11/140-EOL).
- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Alto da Telleira situado nos concellos da Cañiza e Covelo (Pontevedra) e promovido pola sociedade Alto da Telleira, S.L. (IN661A 2011/3-4).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Universidade Federal da Bahía para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o cofinanciamento do Subprograma Ramón y Cajal (convocatoria MEC 2013), por un importe total de douscentos oitenta mil oitocentos setenta e cinco euros (280.875,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da segunda addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento de centros de investigación, por importe dun millón catrocentos mil euros (1.400.000,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución do 12 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, do parque eólico Orrea situado no concello de Agolada (Pontevedra) e promovido pola sociedade Aldesa Energías Renovables de Galicia, S.L. (IN661A 2011/10-4).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a aplicación do Plan estratéxico da hepatitis C.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a axuda económica de 100 €/mes para os nenos e nenas que nazan no 2016.

A CRTVG INICIA CO SEU PASO A CORPORACIÓN UNHA NOVA ETAPA ADAPTADA AO CAMBIO DE MODELO NA COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

- *O Consello da Xunta aprobou a extinción da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, que integrará os seus bens, dereitos e obrigas na Corporación RTVG o 1 de xaneiro*
- *A nova entidade quedará dotada dunha estrutura xurídica unificada, con capacidade para atender os servizos multiplataforma que hoxe demanda o público*
- *Co proceso se pretende aumentar a eficiencia económica e achegar o maior valor engadido posible á sociedade galega*

A CRTVG inicia unha nova etapa para facer fronte ao cambio de modelo na comunicación audiovisual, coa aprobación hoxe no Consello da Xunta do decreto polo que se extingue a Compañía de Radio-Televisión de Galicia para dar paso á nova Corporación RTVG o 1 de xaneiro. Esta quedará dotada así dunha estrutura xurídica adaptada ás novas necesidades de flexibilidade e eficiencia internas e con capacidade para ofrecer os servizos que hoxe demanda a sociedade, que a maiores dos medios de comunicación tradicionais precisan converter o servizo público nun sistema multiplataforma e integrado na nova cultura dixital, con presenza no maior número posible de soportes, canles de distribución e frecuencias.

O decreto, que desenvolve a Lei 9/2011, de medios de comunicación audiovisual de Galicia, establece tres pasos administrativos neste proceso: a extinción da Compañía con efectos do 31 de decembro de 2015; a integración de todos os seus bens, dereitos e obrigas en Televisión de Galicia, S.A., a sociedade que ten previsto converterse o 1 de xaneiro en Corporación RTVG, e a incorporación de todas as accións de TVG S.A. á Administración xeral da Xunta de Galicia.

Con anterioridade, a sociedade que xestionaba a Radio Galega foi absorbida por TVG, SA. Desta maneira todos os bens, activos e pasivos que orixinalmente formaban parte das dúas sociedades e da Compañía pasarán a estar integradas nunha soa entidade, a Corporación CRTVG, que ten como único accionista a Xunta de Galicia. A devandita Corporación entrará en funcionamento o vindeiro 1 de xaneiro e subrógase en todos os bens, dereitos e obrigas da Compañía, incluído o seu persoal e patrimonio.

Trinta anos despois da súa creación, a Compañía de Radio-Televisión de Galicia quedará integrada así na nova Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) cunha estrutura única que vai favorecer escenarios de contención orzamentaria compatibles co crecemento en número de canles e plataformas de contidos, contribuíndo a aumentar a eficiencia de todo o proceso.

O obxectivo é que os medios públicos galegos se poidan dotar dunha organización adaptada á transformación nos hábitos de consumo audiovisual, achegando o máximo valor engadido á sociedade galega nestes a través da emisión convencional de radio e televisión e ao mesmo tempo desenvolvendo novas formas de servizo público que hoxe se poden concibir a partir das posibilidades da tecnoloxía e a cultura dixital.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ESTABLECE OS CURRÍCULOS DAS ENSIANZAS DEPORTIVAS RELACIONADAS COA HÍPICA

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace aos decretos polos que se regulan os ciclos inicial e final de grao medio correspondentes aos títulos de técnico deportivo nas disciplinas híxicas de Salto, Doma e Concurso Completo, e técnico deportivo nas disciplinas híxicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre*

O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos polos que se establece o currículo dos ciclos inicial e final de grao medio correspondentes aos títulos de técnico deportivo nas disciplinas híxicas de Salto, Doma e Concurso Completo, e técnico deportivo nas disciplinas híxicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre. Deste xeito, quedan reguladas estas ensinanzas deportivas en Galicia, o que fai posible a capacitación dos futuros técnicos nestas disciplinas a través dunha formación completa, cun equilibrio entre o carácter teórico e práctico que vincule o proceso de aprendizaxe á realidade social deste ámbito.

Ao abeiro dos decretos aprobados hoxe as ensinanzas quedan divididas en dúas titulacións diferentes. Por unha banda, o título de técnico deportivo nas disciplinas híxicas de Salto, Doma e Concurso Completo; e por outra as de técnico deportivo nas Disciplinas Híxicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre.

O título de técnico deportivo nas disciplinas híxicas de Salto, Doma e Concurso Completo organízase en dous ciclos, o inicial en Hípica, e o final nas disciplinas híxicas de Salto, Doma e Concurso Completo. A superación do ciclo inicial permitirá o acceso a postos de traballo como o de monitor de iniciación á equitación, adestrador de iniciación á competición hípica ou condutor por itinerarios a cabalo por terreos variados; mentres que os que rematen o ciclo final estarán capacitados para desenvolver ocupacións de adestrador de tecnificación en salto de obstáculos, doma e concurso completo; coordinador doutro persoal técnico de iniciación á hípica, xestor e organizador de eventos de hípica de promoción e iniciación; e de deseñador de percorridos e reprises de tecnificación.

Híxicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre

No referido ao currículo do título de técnico deportivo nas disciplinas híxicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre, organízase en dous ciclos, o inicial en Hípica, e o final nas Disciplinas Híxicas de Resistencia, Orientación e Turismo Equestre.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables para estes titulados serán o de adestrador de tecnificación en raid, trec e turismo equestre; instrutor guía de turismo equestre, coordinador doutro persoal técnico de iniciación á hípica, xestor e organizador de eventos de hípica de promoción e iniciación, deseñador de percorridos

de carreiras de resistencia de tecnificación, e deseñador de rutas ecuestres de longa distancia.

En ambos os casos, estes ciclos poderanse especializar en doma de traballo, enganches, adestramento paraecuestre, Horseball, carreiras de cabalos ou carreiras de trotóns.

A XUNTA CONVOCA AS AXUDAS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO PARA ONGD E OUTROS AXENTES

- ***Esta convocatoria de carácter plurianual reparte máis de 2 millóns de euros para proxectos no exterior de ONGD e 375.000 euros para proxectos no exterior doutros axentes***
- ***Na procura de dar cumprimento ao III Plan director, as convocatorias baséanse na aposta por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, e nunha cooperación máis selectiva, con maior impacto e presenza***

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva para os proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas ONGD e por outros axentes de cooperación, coma universidades, empresas, sindicatos e fundacións, entre outros.

A convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD vén publicándose anualmente desde o ano 1995, e a de axudas para proxectos no exterior doutros axentes, desde o ano 2003. Esta nova convocatoria, aprobada hoxe, é de carácter plurianual, 2016 e 2017, e está dotada con 2 millóns de euros para proxectos no exterior de ONGD (757.510 euros para o ano 2016 e 1.250.000 euros para o 2017). Para proxectos no exterior doutros axentes, a convocatoria suma un total de 375.000 euros, dos cales 150.000 euros son para o ano 2016 e 225.000 euros para o ano 2017.

Na procura de dar cumprimento á estratexia prevista no III Plan director, as convocatorias baséanse na aposta por unha maior eficacia e calidade da política galega de cooperación, nunha cooperación máis selectiva, de maior impacto e presenza, concentrada xeográfica e sectorialmente, que redundará nunha maior visibilidade da cooperación galega; e nunha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia, coma son a cooperación en sectores nos cales Galicia pode ofrecer unha experiencia e coñecementos específicos como a pesca, cooperación en países de fala lusófona ou naqueles latinoamericanos onde hai cultura de cooperación dos nosos axentes, entre outros.

As dúas convocatorias enmárcanse no III Plan director da cooperación galega 2014-2017, e no proxecto de Plan anual da cooperación galega para o 2016, e entre as características desta nova convocatoria destaca a redución do importe máximo de subvención concedida aos proxectos, que non poderán superar os 150.000 euros os proxectos plurianuais e 200.000 euros os proxectos presentados por unha agrupación de entidades.

Ademais, coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, varíanse os criterios de financiamento, de xeito que nos proxectos executados polas ONGD, poderanse financiar como máximo dous proxectos, ben sexa individuais o en agrupación, sempre que un dos proxectos, polo menos, sexa executado nun país definido como prioritario no III Plan director, e o importe máximo de subvención concedido a cada ONGD non sexa superior ao 10 por cento da dotación da convocatoria para este tipo de axente. Os outros axentes de cooperación só poderán presentar un proxecto, ben sexa individual o en agrupación.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PRIMEIRO PLAN DE XESTIÓN DE RISCO DE INUNDACIÓN PARA A DEMARCAÇÃO GALICIA-COSTA

- *O Consello da Xunta validou hoxe esta folla de ruta, que se estenderá ata 2021*
- *O obxectivo do plan é lograr unha actuación coordinada de todas as administracións públicas e a sociedade para diminuír o risco de inundación e reducir as súas consecuencias negativas*
- *As medidas artículanse ao redor de catro eixos: prevención, protección, preparación, e recuperación*
- *Como paso previo á elaboración deste documento, realizouse unha avaliación preliminar do risco de inundación e, a partir desta, elaboráronse mapas de risco de inundación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o primeiro Plan de xestión de risco de inundación (PXRI) da demarcación Galicia-Costa, que agora será remitido ao Goberno do Estado para a súa ratificación definitiva. Trátase dunha folla ruta que se estenderá ata 2021, que foi aprobada no Consello Reitor de Augas por unanimidade o pasado venres, 27 de novembro.

O obxectivo do PXRI é lograr unha actuación coordinada de todas as administracións públicas e a sociedade para diminuír o risco das inundacións e reducir as súas consecuencias negativas, especialmente naquelas áreas identificadas con maior risco.

As inundacións son a catástrofe natural que maior dano xera en España. Os danos anuais por inundacións estímase en 800 millóns de euros anuais, mentres que na demarcación Galicia-Costa esa contía media ascende a 33 millóns de euros ao ano. Con todo, é preciso lembrar que a protección absoluta ante estes fenómenos non é posible, en canto as inundacións son inevitables, tal e como recoñece a propia Unesco no seu documento sobre as inundacións.

Polo tanto, a finalidade do PXRI é minimizar ese risco e os seus efectos. Para conseguilo, márcase as seguintes metas a nivel xeral: incrementar a percepción do risco e das estratexias de autoprotección entre a poboación; mellorar a coordinación administrativa, a capacidade predictiva e a ordenación do territorio en zonas inundables; diminuír a perigosidade para a saúde humana, as actividades económicas, o patrimonio cultural e o medio ambiente; e contribuír ao mantemento do bo estado das masas de augas.

Así, o plan recolle as medidas que cada administración debe aplicar no ámbito das súas competencias para acadar estes obxectivos. Todas estas actuacións artículanse ao redor da prevención, a protección, a preparación, e a recuperación/revisión. No eido da prevención, establécense medidas como a adaptación dos plans urbanísticos ou a

conservación de canles fluviais. En canto á protección, abordarase a mellora de drenaxe en infraestruturas ou a restauración fluvial e reforestación de ribeiras. Xa no que se refire ás actuacións en materia de preparación, melloraránse os sistemas de alerta meteorolóxica e hidrolóxica, así como a planificación institucional de resposta ante as emerxencias. Por último, para recuperar e revisar tras as inundacións, o plan establece medidas como a execución de obras de emerxencia para reparar infraestruturas afectadas ou a realización dun diagnóstico posterior da xestión da inundación.

Hai que ter en conta que, aínda que este é o primeiro PXRI da demarcación Galicia-Costa, xa existían ferramentas e instrumentos para facer fronte ás inundacións, como o Plan de protección civil ante risco de inundación de Galicia, ou os sistemas de alerta temperá xa en funcionamento, como Artemis.

Áreas de risco significativo

Antes de elaborar o plan, realizáronse dúas fases previas que consistiron na avaliación preliminar do risco de inundación (EPRI), na cal se seleccionaron as áreas de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) de Galicia. Posteriormente, esas zonas reflectíronse a través de mapas de perigo e risco de inundación.

Nestas frases previas, declaráronse 207 ARPSI na demarcación Galicia-Costa, e sobre estas ARPSI o programa inclúe medidas específicas para actuar en cada unha destas áreas.

A XUNTA AUTORIZA TRES NOVOS PARQUES DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO CONXUNTO DE MÁIS DE 115 MILLÓNS

- *O eólico Cordal-Ousá situarase nos concellos lucenses de Friol, Begonte e Outeiro de Rei e contará con 7 aerogeradores que suman 21 MW e producirán máis de 66.000 MW/h ao ano*
- *A infraestrutura de Orrea, situada no municipio pontevedrés de Agolada, disporá de 10 aerogeradores e 42MW con capacidade para producir preto de 120.000 MW/ano*
- *O parque Alto da Telleira, situado entre A Cañiza e Covelo, sumará 16 aerogeradores con 48MW e a produción de case 144.000MWh/ano*
- *Con estes, o concurso eólico suma 15 parques e 374 MW autorizados, cun investimento de máis de 474 millóns de euros*
- *Segundo o último balance da Comisión de Seguimento, os plans industriais asociados levan mobilizado preto de 970 millóns –o 68% do investimento previsto– e xerado máis de 2.000 empregos directos, o 83% dos comprometidos ata o 2020*

O Goberno galego segue a traballar na reactivación do sector eólico en Galicia no escenario enerxético actual. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe tres novos parques do concurso galego que supoñen un investimento conxunto de máis de 115 millóns de euros: o eólico Cordal, situado nos concellos lucenses de Friol, Begonte e Outeiro de Rei; o parque Orrea, que se establece en Agolada (Pontevedra); e o Alto da Telleira, pertencente aos municipios pontevedreses da Cañiza e Covelo.

O eólico Cordal-Ousá, promovido por Eólica de Cordales S.L., estará composto por 7 aerogeradores que, cunha potencia total de 21 MW, producirán máis de 66.000 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual duns 15.600 fogares galegos. A infraestrutura situarase nos concellos lucenses de Friol, Begonte e Outeiro de Rei.

Pola súa banda, o parque Orrea, que desenvolverá a mercantil Aldesa Energías Renovables de Galicia SL, sumará 10 aerogeradores cunha potencia de 42MW, situándose no concello pontevedrés de Agolada. Neste caso, estímase que a produción de enerxía anual se aproximará aos 120.000 MW/h ao ano, o correspondente ao consumo por exercicio de máis de 28.000 familias.

E na mesma provincia de Pontevedra, entre os municipios da Cañiza e Covelo, asentarse o eólico Alto da Telleira, promovido por Vector Verde S.A. Esta infraestrutura disporá de 16 aerogeradores e 48MW con capacidade para producir preto de 134.000 MW/ano, o equivalente ao consumo anual de 31.700 fogares.

Con estes tres parques, o Goberno galego suma 15 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol,

Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oourol, Tenzas do Aire e a primeira fase de Monte Arca, acadando un total de 374 MW e un investimento de máis de 474 millóns.

Balance plans industriais

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. De feito, os plans industriais destes tres parques teñen contribuído ao desenvolvemento de actuacións vinculadas á mobilidade eléctrica ou á mellora das infraestruturas portuarias da Comunidade.

Neste marco, cómpre salientar que, segundo os últimos datos da Comisión de Seguimento, o total dos plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar preto de 970 millóns de investimento na Comunidade, unha cifra que supón case o 68% do previsto ata 2020; e teñen permitido crear máis de 2.000 empregos directos, o 83% do comprometido neste período. Ademais, os resultados da Comisión reflicten que todos os proxectos seguen adiante, con 1.939 MW que continúan en tramitación.

Así mesmo, o Goberno galego ten moi en conta ás administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa máis de 114 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para o concello de Friol, Begonte, Outeiro de Rei, Agolada, A Cañiza e Covelo, que poderán beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.

A XUNTA DESTINA 12.000 EUROS A FINANCIAR ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA LINGUA E A CULTURA GALEGAS A TRAVÉS DA UNIVERSIDADE FEDERAL DE SALVADOR DA BAHIA (BRASIL)

- ***O Consello aprobou hoxe esta achega, que complementa á contratación dun lector para o Centro de Estudos Galegos desta entidade académica***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinará un convenio de colaboración coa Universidade Federal de Salvador da Bahia a través do que destinará 12.000 euros a financiar actividades de promoción da lingua e a cultura galegas no Brasil. Este acordo, ao que hoxe deu o visto e praxe o Consello da Xunta, complementa a contratación - sufragada tamén pola Consellería- dun lector para o Centro de Estudos Galegos (CEG) desta entidade académica.

Ao abeiro deste convenio darase continuidade á ensinanza da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do Centro de Estudos da Lingua e Cultura Galegas (CELGA) do Instituto de Letras, a través da impartición das materias de 'Nocións de lingua e literatura galegas', 'Estudos de lingua galega contemporánea', e 'Cultura galega'.

Así mesmo, e como obxectivo de difundir o galego máis aló do centro de estudos, poderanse organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. A achega do convenio poderase empregar tamén para adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico ou para realizar as devanditas accións.

O galego no mundo

Desta forma dáselle continuidade ao traballo que xa se vén desenvolvendo nos centros de estudos galegos en universidades de Alemaña, Brasil, Croacia, España, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e EEUU, ata sumar un total de case 1.400 estudantes de galego.

Ademais, as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, a través de convenios coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizan cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros que acollen, cada ano, durante o mes de xullo, máis dun cento de estudantes procedentes de diversos países de todo o mundo coa intención de adquiriren coñecementos sobre a lingua e a cultura de Galicia.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 280.000 € A COLABORAR NA CONTRATACIÓN NAS UNIVERSIDADES GALEGAS DE 7 INVESTIGADORES DOS PROGRAMAS RAMÓN Y CAJAL

- *O departamento educativo da Xunta asume por segundo ano consecutivo o financiamento complementario das axudas*
- *Deste xeito liberaranse as universidades de pagar esa contía, o que facilita a captación de talento de doutores do máximo nivel para o sistema galego de investigación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 280.875 euros a colaborar na contratación nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) de sete investigadores ao abeiro do subprograma Ramón y Cajal, unhas axudas que son convocadas polo Goberno central. Para iso o Consello da Xunta deu o visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración coas tres universidades, de tal forma que a Xunta asuma por segundo ano consecutivo o financiamento complementario das axudas, en concreto o 20% do importe correspondente aos contratos dos bolseiros durante cinco anos, liberando así as universidades de pagar esa contía. Deste xeito facilítase a captación de talento de doutores do máximo nivel para o Sistema galego de investigación, o que redunda nun beneficio para o conxunto da sociedade galega.

O obxectivo da Consellería de Cultura e Educación é lograr ratios similares aos países á vangarda en investigación promovendo, ademais, sistemas efectivos de mobilidade no sistema de I+D+i que garantan a oferta de oportunidades a aquelas traxectorias máis sólidas e permitan procesos de desenvolvemento profesional a escala internacional.

O cofinanciamento destas axudas fomenta a presentación aos programas máis competitivos dos mellores candidatos sen que o seu éxito comporte unha carga orzamentaria para a universidade, centro de investigación universitario ou grupo; tendo ademais en conta que o éxito nestes programas, máis aló do retorno científico e económico que o investigador produza, supón un indicador de calidade para o organismo no que se incorpore e para o conxunto do Sistema galego de I+D+i.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ELEVA A 7,8 MILLÓNS DE EUROS O FINANCIAMENTO A 8 CENTROS DE INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA ATA 2016

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura da segunda addenda ao convenio polo que se apoia o CITIC, o CIMUS, o CIQUS, o CITIUS, o AtlantiC, o ECIMATU, o CIA e o CINBIO*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura da segunda addenda ao convenio polo que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoia o funcionamento de oito centros de investigación do Sistema universitario de Galicia (SUG), nomeadamente o CITIC, da universidade da Coruña; o CIMUS, o CIQUS e o CITIUS, da Universidade de Santiago de Compostela; e o AtlantiC, o ECIMATU, o CIA e o CINBIO, da Universidade de Vigo.

Deste xeito, elévase a 7,8 millóns de euros a cantidade consignada entre 2013 e 2016 para contribuír a facer fronte aos gastos de funcionamento operativo dos devanditos centros (gastos correntes, contratos de persoal necesario para desenvolver a actividade investigadora ou de transferencia de tecnoloxía, material funxible), unha acción enmarcada no Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015.

O obxectivo deste convenio é apoiar o fortalecemento das capacidades estratéxicas de investigación do SUG mentres non se poña en marcha o vindeiro programa operativo Feder, que prevé para este eido unha convocatoria competitiva na cal, entre outros, se valoren criterios como o de tamaño crítico, organización, oportunidade temática ou os relativos á xeración, transferencia e transmisión de coñecementos.

Mellorar a competitividade do SUG

Desde que se subscribira este acordo, a colaboración comprometida pola Consellería permitiu o fortalecemento da actividade de investigación (promoción e transferencia de tecnoloxía, asistencia técnica proxectos de I+D, plans de formación,...) e avances significativos na produción científica e tecnolóxica (proxectos de I+D+I, publicacións científicas, protección dos resultados da investigación, teses doutorais, colaboracións científicas, ...).

O convenio tamén posibilitou melloras organizativas e de xestión nos centros de investigación xa existentes (como estruturas eficientes de orde superior), co mantemento e potenciación da planificación estratéxica, dos sistemas de control da calidade, de recursos tecnolóxicos e de equipamento singular (infraestruturas estratéxicas comúns de apoio e soporte á investigación...). Esta actividade incide positivamente no contexto socioeconómico das universidades, contribuíndo a alcanzar

altos niveis de competitividade da UDC, a USC e a UVigo na captación de recursos e xeración de coñecemento, o que posibilita o posicionamento (mellora da visibilidade) do SUG a nivel nacional e internacional.

SANIDADE DESTACA QUE MÁIS DE 3.000 PACIENTES XA RECIBIRON O SEU TRATAMENTO PARA A HEPATITE C

- ***Segundo o informe de implantación no Servizo Galego de Saúde do Plan estratéxico para a abordaxe da hepatite C no Sistema nacional de saúde, máis do 50% dos pacientes candidatos xa comezaron a recibir o seu tratamento***

A Consellería de Sanidade informou ao Consello da Xunta do estado de implantación do Plan Estratéxico para a abordaxe da hepatite C do Sistema nacional de saúde no Servizo Galego de Saúde, iniciado no pasado mes de abril. O conselleiro de sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, destacou que “desde a aparición dos novos tratamentos para a hepatite C (2012) ata o 31 de outubro de 2015, o Servizo Galego de Saúde superou a cifra de 3.000 pacientes a tratamento polo VHC”.

En concreto, desde o 1 de abril de 2015, data de entrada en vigor do Plan nacional, iniciouse o tratamento para a hepatite C en 1.903 pacientes (1.312 homes e 591 mulleres) conforme o marco establecido no plan e segundo o criterio clínico do facultativo. Segundo estes datos máis do 50% dos pacientes estimados candidatos a tratamento en Galicia xa comezaron o seu tratamento.

Entre as próximas actuacións, está prevista a realización esta semana (venres 4 de decembro) da reunión de seguimento trimestral da implantación do Plan coas asociacións de pacientes (Asociación Galega de Hemofilia AGADHEMO, Asociación de transplantados de Galicia AIRIÑOS e a Plataforma de afectados por hepatite C). Tamén están preparados para convocarse os distintos grupos de traballo que van desenvolver a nivel nacional os obxectivos específicos de cada unha das catro liñas estratéxicas que compoñen o plan.

O informe presentado hoxe destaca que Galicia forma parte do Comité Institucional do Plan, que é o encargado de analizar e propoñer as liñas de accións comúns que se desenvolverán nas distintas comunidades autónomas en relación co despregamento das estratexias recollidas no plan. Así mesmo, realizáronse dúas reunións de traballo coa Comisión Técnica-Asesora para a implantación do plan, para realizar un seguimento trimestral do seu desenvolvemento no Servizo Galego de Saúde e propoñer, se for o caso, novas medidas.

A implantación do plan supuxo garantir un acceso homoxéneo e equitativo aos novos tratamentos da hepatite C en combinacións libres de interferón por parte dos enfermos con hepatite crónica polo virus C e a criterio clínico do prescriptor dentro do marco establecido no plan. Ata o ano 2014, os tratamentos dispoñibles para o tratamento da hepatite C presentaban baixas taxas de eficacia e gran cantidade de efectos secundarios ao tratarse de terapias baseadas en interferón, sobre todo nos pacientes

con enfermidade hepática máis avanzada e nos que xa fracasaran en tratamentos previos. Isto poñía de manifesto a necesidade de contar con fármacos que fosen mellor tolerados, máis efectivos e que permitisen realizar tratamentos de combinacións de antivirais exentas de interferón, as denominadas terapias libres de Interferón.

Próximas actuacións estatais

O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade vai facer unha campaña informativa á poboación xeral para previr novas infeccións con elaboración de materiais divulgativos (tríptico, infogramas) sobre os principais aspectos da infección polo VHC e actualización da web para proporcionar información tanto aos profesionais como aos cidadáns. Tamén se elaborarán actividades específicas para educación para a saúde. É unha das actuacións que anunciou recentemente o Ministerio á Consellería de Sanidade.

Tamén están constituídos e preparados para convocar os grupos de traballo que a nivel nacional desenvolverán a monitorización da efectividade terapéutica e os resultados de saúde nos pacientes, entre outras actuacións .

Ademais, acaban de aprobarse dous proxectos de investigación que serán liderados polo Instituto de Salud Carlos III cos seguintes temas: Avaliación das intervencións preventivas e terapéuticas fronte á infección polo virus da hepatite C e Impacto do tratamento con novos antivirais na historia natural da cirrose polo virus da hepatite C. Identificación de factores predictivos de non resposta.

A XUNTA PRESENTA A TARXETA BENVIDA QUE DOTARÁ 8 DE CADA 10 FAMILIAS DUNHA ACHEGA DE 100 EUROS MENSUAIS PARA OS CUSTOS BÁSICOS DO PRIMEIRO ANO DE VIDA DOS NENOS QUE NAZAN NO ANO 2016

- *A axuda farase efectiva a través dunha tarxeta moedeiro cargada cun saldo de 1.200 euros por cada fillo ou filla nacida no ano 2016, a razón de 100 euros mensuais por cada un deles ou delas*
- *Esta tarxeta poderá ser utilizada para a compra de produtos básicos para o neno ou a nena, tales como leite e outros alimentos infantís, cueiros, produtos de hixiene infantil ou produtos farmacéuticos*
- *Será requisito necesario para obter esta axuda que a renda da unidade familiar da declaración do IRPF do ano 2014 non supere os 45.000 euros, e no suposto de que esta contía fose superior, que a renda per cápita da unidade familiar non supere os 13.500 euros*

Os pais e nais que teñan un fillo ou filla a partir do 1 de xaneiro de 2016 terán dous meses de prazo, contados a partir do día seguinte a aquel que se produza o nacemento, para solicitar a Tarxeta benvida. Unha axuda de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do neonato. Así se recolle nun informe do que deu conta hoxe o Consello da Xunta presidido por Alberto Núñez Feijoo.

Esta axuda económica directa, dirixida ás familias residentes na Comunidade Autónoma, farase efectiva a través dunha tarxeta moedeiro que se poderá utilizar para a compra de produtos básicos para o neno ou nena, tales como produtos de alimentación (leite, papas e outros alimentos infantís), produtos de hixiene infantil (cueiros, toallíñas ou crema protectora) ou produtos farmacéuticos (vitaminas, xaropes ou vacinas que non estean incluídas no calendario infantil). A tarxeta estará cargada cun saldo de 1.200 euros por cada fillo ou filla nacida no ano 2016, a razón de 100 euros ao mes por cada un deles ou delas durante o primeiro ano de vida; e poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación. A tarxeta moedeiro cargarase de forma automática cada mes e a contía que quede sen gastar do mes sumarase á mensualidade seguinte. Os pais e nais deben ter gastada a axuda na súa totalidade á fin do ano.

A Xunta velará polo correcto uso dos fondos públicos. Deste xeito, as familias deberán gardar os tickets de compra durante os 12 meses de concesión da axuda, xa que a Administración reserva para si o dereito de comprobar que se está facendo un uso correcto da Tarxeta benvida. No caso de que non sexa así, poderase sancionar á familia infractora.

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) da orde de convocatoria pola que se rexerá a concesión desta axuda está prevista para o día 30 de decembro de 2015. Calcúlase que a como mínimo 8 de cada 10 familias galegas, ou o que é o mesmo unhas 17.000 familias ao longo de 2016. Será requisito necesario para obtela que a renda da unidade familiar da declaración do imposto da renda para persoas físicas (IRPF) do ano 2014 non supere os 45.000 euros. E no suposto de que esta contía fose superior, que a renda *per cápita* por unidade familiar non supere os 13.500 euros.

Programa de apoio á infancia

O obxectivo do Goberno galego é converter á nosa Comunidade Autónoma nun referente no que atinxe ao apoio á natalidade e a familia, situándoa entre os lugares con maiores atencións públicas, sociais e sanitarias á infancia. Trátase de facer deste país un lugar mellor para ter fillos, pero, sobre todo, o mellor lugar do mundo para ser neno ou nena.

Así, a Tarxeta benvida forma parte dun conxunto de medidas máis amplo e ambicioso chamado PAN (Programa de apoio á natalidade) e que conta con tres eixes fundamentais: axudas directas, programas de conciliación e servizos.

Deste xeito, no que respecta ás PAN-Axudas destacan liñas de apoio como a Tarxeta benvida ou outras complementarias como o incremento da dedución fiscal por nacemento ou adopción de fillos, a prestación do pagamento único por fillos menores de 3 anos ou a exención de pagamento nas escolas infantís para o segundo fillo daquelas familias cunha renda *per cápita* igual ou inferior a 7.500 euros anuais e aos menores en situación de acollemento familiar. No tocante ao eixo PAN-Concilia destaca o Bono conciliación para os pais que non teñan praza nas escolas infantís públicas, o Bono coidador no rural que pon á disposición das familias que viven no rural un recurso de conciliación, ou as casas niño, unha rede de coidadores para menores de 0 a 3 anos que viven en zonas rurais. Por último, no PAN-Servizos enmárcanse outras prestacións como as máis de 20.500 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos ou as bonificacións adicionais para as familias numerosas como no prezo do transporte metropolitano.

Todas estas medidas que a Xunta está a poñer en marcha seguen a liña doutros países europeos como Francia, Finlandia ou Noruega. Para o financiamento desta medida cóntase cun orzamento total de 18 millóns de euros, 9 millóns de euros destinados a cada unha das anualidades de 2016 e 2017.